

Hei de ir ó señor San Cosme,
pola beiriña do mar,
heille de ir pedir ó Santo
herbiñas de namorar.

(Tradicional)

Na ladeira oeste da Serra da Groba, parroquia de Santa Mariña de Baíña, enmárcase a aldea de San Cosme, presente nalgunhas fontes documentais como *San Colmado* ou mesmo *San Cosmete*
. Neste lugar estratéxico localizado xeograficamente entre o río das Cabras e o río do Vilariño ou do Pontillón emprazouse ata o século XVIII "
la capilla del Glorioso San Cosme'
onde xa en 1347, debido aos seus importantes ingresos froito das esmolas, tentara intervir o abade de Mougás don Juan Domínguez pretendendo cobrar décimos e dereituras. O mosteiro de Oia iniciou preito co reitor da igrexa mougalesa e gañou porque San Cosme, “nunca perteneció a la iglesia de Mougás”. Templo que para algúns historiadores remonta as súas orixes ao século VI cunha pequena comunidade de monxes eremitas ata o século XII, a vella capela desaparecería para sempre nas xornadas do 21 e 22 de xuño de 1785 por orde do abade de Oia D. Clemente Bahamonde (1783-1787), logo de ter recibido autorización bispal. O prelado respondera a petición argumentando que a idea do abade de "
demoler la capilla o santuario de San Cosme y trasladar las ymagenes y quanto pertenece al santuario a esa yglesia monasterial es digno de todo aplauso, porque en su execucion se

evitan muchas ofensas de Dios que ahora se cometen con pretexto de romerías, y puedo asegurar, que aquel santuario ha sido mil vezes profanado"
. Permitiría, sen embargo, o bispo D. Diego Fernández Angulo que "
puede quedar en el sitio del altar una cruz en memoria de lo que ha sido".
É moi probable que esta fose a coñecida como
cruz de Malta
que estivo en San Cosme ata o ano 1972 en que se traslada e se instala sobre o portalón da casa reitoral de Baredo.

Con data de 20 de setembro de 1799 o concello de Baiona outorga ao procurador José Antonio Cortiñas autorización para festexar aos santos irmáns Cosme e Damián. A romaría revivía así nun contexto urbán aproveitando un santuario construído a finais do século XVII na honra da súa tutelar, Santa Liberata, ilustre paisana de Baiona. Dende aquela, o esforzo dos baioneses estivo en manter vivo un culto aínda hoxe vixente. 120 reais custou en 1846 o relicario realizado ou encargado por Don José Manuel Cadaval, 12 reais para uns ollos de cristal para San Damián en 1848 ou 36 reais da anda que en 1852 fixo o carpinteiro Juan Barros.

Decaeu o seu culto xa en 1928, ano en que se dixo que a romaría dos santos Cosme e Damián era xa unha parodia respecto do que noutros tempos tiña sido. Broche de ouro dun tempo, dunha estación e do ano, última das grandes e a primeira das pequenas, San Cosme de Baiona daba paso á romaría e feira do San Colmado que duraba sete semanas e que empalmaba co San Amaro de Matamá prolongándose a festa ata sete domingos consecutivos.

De calendario repleto no profano e relixioso, centos de romeiros encamiñábanse dende Vigo a Baiona entoando alegres cantos ao compás da gaita por todo os medios de locomoción existentes. Dende as carrozas ou *riperts* do Borrasca, cocheiro afamado da época, ata carros do país cheos de bandeirolas e recubertos de follaxe que, ao paso pausado dos bois traía ás xentes dende seis ou sete leguas de Baiona. Incluso de Portugal viñan mulleres, nota de colorido cos seus xustillos cinguidos ou panos de polícromas cores con amplas saias no medio da multitude. Chegaban ao *muelle* baionés centos de pequenas embarcacións e lanchas das rías próximas, de vapores vigueses a plan de romeiros embarcados na Ribeira do Berbés como en 1899 coa intención de
botar unha cana ao aire
como recolle a prensa da época.



[redacted]